



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
comunicacion@iglesiaporeltrabajodecente.org
[@iglesiaxtd](https://twitter.com/iglesiaxtd)

Ferrol, 8 de marzo de 2019

As entidades *Hermandad Obrera de Acción Católica (HOAC)*, *Confederación Española de Religiosos (CONFER)* e *Cáritas Diocesana* de Mondoñedo Ferrol, pertencentes á plataforma ***Iglesia por el Trabajo Decente***, queren amosar o seu total rexeitamento ao peche da empresa POLIGAL e o seu apoio sen fisuras ás traballadoras e traballadores na súa loita pola conservación dos postos de traballo e a plena actividade da fábrica

Como entidades adheridas á iniciativa ***Iglesia por el Trabajo Decente***, no seu compromiso coa causa dos empobrecidos e a caridade política, consideramos que o noso papel de acompañamento nas situacións máis difíciles que nos atopamos na nosa contorna, debe servir tanto para paliar as consecuencias do paro, a pobreza e a precariedade laboral, como para colaborar na eliminación das causas que as xeran, polo que non podemos deixar de amosar a nosa solidariedade coas familias que están a pasar por esta situación tan difícil

Esperamos que por riba de criterios meramente economicistas e materiais, a razón e a centralidade da persoa se impoñan na liña do que no seu momento apuntou o Papa Francisco: "*é necesario reafirmar que o traballo é unha realidade esencial para a sociedade, para as familias e para os individuos, e que o seu principal valor é o ben da persoa humana, xa que a realiza como tal, coas súas actitudes e as súas capacidades intelectuais, creativas e manuais. Disto derivase que o traballo non teña só un fin económico e de beneficios, senón ante todo un fin que incumbe ao home e a súa dignidade. E se non hai traballo esa dignidade está ferida*"

Recibide da nosa parte unha forte aperta na esperanza dunha solución xusta á coxuntura actual

